Nestas semanas, a Marea Atlántica afronta un innovador proceso coa meta de que as candidaturas que se presenten ás primarias que se celebrarán os días 15, 16 e 17 de febreiro sexan unha suma de opinións das persoas que conforman a Marea nos seus distintos niveis de participación.

Para garantir a calidade deste proceso, dotámolo dunhas **garantías metodolóxicas e regulamentarias**. O marco no que se desenvolven os encontros é o seguinte:

- **Autonomía das precandidatas:** Segundo o establecido no artigo 1 do Regulamento de Primarias, as candidaturas que o desexen (non é obrigatorio) poden solicitar a organización de encontros nos que escoitar á mareancia. Estes encontros serven para valorar a experiencia de goberno dos pasados catro anos e buscar como optimizala de cara ao proceso electoral de 2019. En ningún caso son espazos de decisión ou vinculantes de cara á composición da candidatura, senón debates sobre perfís e criterios a ter en conta á hora de escoller ás persoas que mellor representen a diversidade da Marea Atlántica.

- **Confidencialidade:** Falar, escoitar, expoñer e contrapoñer opinións non é un exercicio sinxelo. Consideramos o debate como algo a protexer, polo que o xeito de enriquecelo pasa pola participación do maior número de xente posible, nunhas condicións nas que se sintan libres de facelo. Por iso, tanto as persoas que acompañen ás candidatas como o servizo de facilitación e o Órgano de Arbitraxe identificaranse antes de cada acto e estarán debidamente acreditadas para procurar que o que alí se fale quede no ámbito privado. Neste sentido, non estará permitido gravar en vídeo ou audio as conversas. Apelamos á responsabilidade de cadaquén para coidar do espazo e das persoas que o conforman.

- **Calidade:** Débese garantir que todas as voces participen en igualdade de condicións. Durante os encontros, contaremos cun servizo de facilitación, que moderará os tempos e as palabras, para conseguir o obxectivo fundamental deste proceso: escoitar as voces da mareancia e as súas opinións sobre os elementos a ter en conta á hora de elaborar a candidatura e a aposta por renovar o mandato na cidade da Coruña.

Calquera dúbida sobre este proceso pode ser resolta nos propios encontros ou a través do correo electrónico primarias@mareatlantica.org.